

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE DECEMBRO DE 2015**



ÍNDICE

1	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	3
2	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	4
3	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	6
4	TEMPERATURA	6
4.1.	Temperatura media das máximas.	9
4.2.	Temperatura media das mínimas.....	10
4.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.....	11
4.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2015.....	15
5	PRECIPITACIÓN	18
5.1.	Precipitación acumulada mensual Decembro 2015	18
5.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
5.3.	Días de chuvia en decembro de 2015	20
5.4.	Evolución da precipitación en decembro de 2015	22
6	VENTO	23
7	RADIACIÓN SOLAR	27
7.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
7.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
8	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición:19-01-2016

Corrección táboas climáticas das principais cidades 07/12/2016

Mes seco e moi cálido, con ventos de compoñente sur persistentes.

1 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de decembro queda marcado en xeral en Galicia pola persistencia das altas presións no Mediterráneo occidental e no centro da península Ibérica que ata as derradeiras xornadas non permitiron a entrada das borrascas, que en moitos casos soamente puideron achegarse ao litoral atlántico, deixando nesas zonas chuvias que se aproximan á normalidade, mentres que no norte e no leste da Comunidade acumuláronse cantidades de precipitación moi por debaixo das agardadas nesta época do ano. Ademais os ventos foron predominantemente de compoñente sur, por mor do dipolo formado polas baixas presións atlánticas e as altas do Mediterráneo polo que en xeral as temperaturas estiveron moi por riba das normais.

Así, as primeiras dúas xornadas do mes estiveron marcadas pola presenza dun anticiclón que deixou tempo seco, soleado, pero frío nas primeiras horas no interior e con episodios de néboas persistentes nos vales.

Sen embargo, os días 3 e 4 tivemos o primeiro episodio de achegamento dunha borrasca que non puido entrar en Galicia con intensidade pero foi suficiente para deixar aumento de nubes e chuvias no cuadrante suroeste. Os ventos do sur deixaron temperaturas moi elevadas para un mes de decembro, con máximas que estiveron moi preto ou superaron os 20°C.

A secuencia volveu a repetirse nos seguintes 4 días, sendo anticiclónicos os días 5 e 6 e cunha situación intermedia e ventos do sur nas xornadas do 7 e o 8, cando volveron a rexistrarse chuvias, xeneralizadas, pero con cantidades moi escasas agás no cuadrante suroeste.

O seguinte período anticiclónico tivo lugar entre as xornadas do 9 e o 12, novamente polo tanto con tempo seco, frío a primeiras horas e con néboas en vales do interior. Unha nova borrasca achegouse durante a xornada do 13 cara á Comunidade galega.

En xeral os seguintes 7 días foron moi semellantes, posto que unha zona de aire frío en capas medias e altas da atmosfera alimentou borrascas moi profundas no Atlántico norte, pero que non foron capaces de entrar na península Ibérica pola presenza das altas presións no centro da mesma. Isto deixou un corredor de isóbaras que achegou unha masa de aire cálido procedente do norte de África, de xeito que en xeral as temperaturas foron moi elevadas para esta época do ano, tanto nos valores nocturnos como nos diúrnos. Destacan por exemplo os 21°C de máxima en A Coruña o día 19 ou os 19°C de mínima na costa de

Lugo na madrugada do 18. A tarde do día 19 marcou un cambio a oeste na dirección dos ventos, achegando aire algo máis frío, o que fixo descender os termómetros. Tamén ese vento propiciou a aparición de chuvias en toda Galicia, que na zona occidental foron persistentes e de intensidade moderada.

Nos días entre o 21 e o 27 continuamos con ventos do sur, temperaturas suaves, pero un predominio das condicións anticiclónicas principalmente no interior. Nese período volveron a superarse de xeito puntual os 20°C de temperatura máxima e rexistráronse algunhas precipitacións febles no suroeste da Comunidade.

Sen embargo este panorama meteorolóxico mudou bruscamente na xornada do 28 cando o movemento das altas presións cara ao sur fixo que as intensas borrascas que continuaban formándose no Atlántico norte entrasen na Comunidade galega deixando uns derradeiros días do mes de fortes ventos e intensas precipitacións, con acumulacións superiores aos 15 L/m² nunha hora en puntos da Comunidade, tanto na xornada do 28 como na do 30 quedando as xornadas do 29 e a do 31 en situacións algo máis estables, sen apenas precipitacións.

2 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1), como no nivel dos 500 hPa (Figura 2) aprécianse con claridade as anomalías positivas centradas no Mediterráneo occidental, estendéndose cara ao centro da Península Ibérica. Estas altas presións fixeron de barreira e impediron a entrada das borrascas, que si se formaban, incluso con menos presión da normal nesta época do ano, no Atlántico norte, tal como se ve nas anomalías negativas na conca atlántica.



Anomalía de presión atmosférica a nivel medio do mar Decembro 2015




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Decembro 2015




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

3 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (Coruña-TorreHércules, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1971-2000, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-A Granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMOT).

O valor climático corresponde coa promedio destes 30 anos para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	DECEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	14.5	11.5	13.7 (1989)	8.5 (1970)
T ^a mínima media	11.7	8.9	11.3 (1989)	5.8 (1970)
T ^a mínima absoluta	6.1 (día 1)	0.6 (25/12/2001)		
T ^a mínima máis alta	17.5 (día 16)	17.6 (17/12/1987)		
T ^a máxima media	17.3	14.0	16.1 (1989)	11.2 (1970)
T ^a máxima absoluta	21.1 (día 16)	25.6 (02/12/1985)		
T ^a máxima máis baixa	14.1 (día 10)	5.0 (25/12/1962)		
Precipitación acumulada	44	108-136	400 (1978)	15 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	7	15	31 (1935)	4 (1941)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta tanto a temperatura media como a máxima, a temperatura media das mínimas resultou cálida. Nos tres casos chegouse ó récord histórico dende 1948.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, que foi menor que a metade do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1931-2015 Temperatura: 1948-2015



SANTIAGO

	DECEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.9	9.8	12.2 (1989)	7.9 (2001)
Tª mínima media	8.8	6.4	9.6 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima absoluta	1.4 (día 11)	-3.0 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	14.3 (día 16)	15.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	15.1	13.2	14.8 (1989)	11.7 (2009)
Tª máxima absoluta	19.9 (día 16)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	11.8 (día 23)	3.6 (02/12/2010)		
Precipitación acumulada	168	208-283	782 (2000)	15 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	16	16	31 (1993)	5 (1988)

Comentario: Mes cálido en xeral tendo en conta todas as temperaturas, se ben a media das máximas acadou o rexistro histórico máis alto da serie.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco. Porén, o número de días de chuvia acadou o valor climático agardado..

* Valores climáticos 1982-2000. Precipitación:1982-2015. Temperatura: 1982-2015

LUGO

	DECEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	9.6	7	10 (1989)	3.0 (2001)
Tª mínima media	5.1	3.6	7.1 (1989)	-1.6 (2001)
Tª mínima absoluta	-1.0 (día 1)	-9.1 (17/12/2001)		
Tª mínima máis alta	12.9 (día 18)	16.0 (16/12/1987)		
Tª máxima media	14.1	10.3	12.9 (1989)	4.6 (1964)
Tª máxima absoluta	18.9 (día 19)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	5.1 (día 11)	-1.5 (17/12/1967)		
Precipitación acumulada	55	107-131	510 (1978)	10 (1970)
Días de chuvia (≥1mm)	9	15	27 (2000)	2 (2001)

Comentario: Mes cálido tendo en conta a temperatura media e a media das mínimas, mentres que o mes resultou moi cálido, acadándose o rexistro histórico máis alto da serie, para a media das máximas.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1967-2015. Temperatura: 1966-2015



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.3	10.1	13.4 (1989)	7.0 (1970)
Tª mínima media	9.4	5.9	10.2 (1989)	1.9 (1970)
Tª mínima absoluta	2.4 (día 1)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª mínima máis alta	15.8 (día 17)	16.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	17.3	14.3	16.6 (1989)	11.3 (1963)
Tª máxima absoluta	21.8 (día 16)	25.5 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	13.9 (día 23)	2.1 (27/12/1790)		
Precipitación acumulada	212	198-265	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	15	15	28 (2000)	4 (1988)

Comentario: Mes moi cálido en xeral acadándose o rexistro histórico máis alto da temperatura máxima media.

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia acadou valores normais para un mes de decembro nesta localidade..

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1958-2015. Temperatura: 1958-2015

OURENSE

	DECEMBRO 2015	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.4	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	6.7	4.3	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	0.8 (día 1)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	14.6 (día 16)	16.0 (12/12/1981)		
Tª máxima media	16.0	12.7	15.3 (1989)	10.5 (1975)
Tª máxima absoluta	21.4 (día 3)	22.4 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	11.8 (día 22)	3.2 (25/12/1986)		
Precipitación acumulada	45	87-123	406 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	28 (2000)	4 (1988)

Comentario: Mes cálido en canto as temperaturas mínimas e medias. Sen embargo, para as máximas resultou moi cálido, acadándose o rexistro máximo da serie.

A precipitación rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase seco, o número de días de chuvia tamén é inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1971-2000. Precipitación:1973-2015. Temperatura: 1972-2015

4 TEMPERATURA

As temperaturas foron moi elevadas durante este mes de decembro xa que as masas de aire foron con frecuencia procedentes do sur e polo tanto cálidas. Destacan dous episodios de principios e mediados do mes, cando a chegada de masas de aire de orixe norteafricana impulsou os termómetros ata superar en moitos puntos da Comunidade os 20°C. Pero nestes períodos non soamente eran elevados os valores diúrnos, senón tamén os nocturnos. Estes eventos fixeron que a temperatura media do mes supere en moitos lugares en máis de 2°C á media do mes de decembro.

4.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de decembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 13.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse nas zonas da alta montaña ourensá e no leste da provincia de Lugo, (entorno aos 4.0 °C) e os valores máis altos (entorno aos 18°C) rexistráronse en moitos puntos da Comunidade, principalmente nas provincias de Pontevedra, A Coruña e a Mariña Luguesa.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de decembro de 2015.

4.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de decembro para o territorio galego foi de 6.6 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados no sur da comarca da Limia e nas zonas máis altas da provincia de Ourense (preto de 0.5°C) e os máis altos en todo o litoral galego, exceptuando o Baixo Miño, (con valores preto dos 14°C).




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de decembro de 2015.

4.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1971-2000.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de decembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 2.8 °C, polo que o mes considérase cálido, aínda que moi preto de considerarse moi cálido. A totalidade da Comunidade acadou valores por riba dos normais, resultando moitas localidades galegas moi cálidas. As zonas con anomalías máis altas estiveron entorno aos 4.5 °C por riba da media.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de decembro respecto al período 1971-2000.



A táboa 1 mostra as anomalías positivas de temperatura máis destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1971-2000. As máis altas déronse principalmente nas comarcas de Sarria e Os Ancares, pero tamén destaca a Comarca de Ortegal. Nestes lugares o mes resultou moi cálido, como xa ocorrera no mes de novembro.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	4.4
Nogais (As)	Lugo	4.1
Samos	Lugo	4.1
Becerreá	Lugo	4.0
Láncara	Lugo	3.9
Baralla	Lugo	3.9
Cedeira	A Coruña	3.9
Cariño	A Coruña	3.8
Navia de Suarna	Lugo	3.8
Ribadeo	Lugo	3.8

Táboa 1: Anomalías máis elevadas de temperatura media no mes de decembro de 2015.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1971-2000		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Porto do Son	A Coruña	1.5
Muros	A Coruña	1.7
Pobra do Caramiñal	A Coruña	1.7
Vilardevós	Ourense	1.7
Ribeira	A Coruña	1.7
Carnota	A Coruña	1.8
Boiro	A Coruña	1.8
Gudiña (A)	Ourense	1.8
Riós	Ourense	1.8
Mezquita (A)	Ourense	1.8

Táboa 2: Anomalías máis baixas de temperatura media no mes de decembro de 2015.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1971-2000. Déronse principalmente nas comarcas do Noia e Muros, así como nalgunhas localidades das comarcas de Verín e Viana, que con todo resultaron cálidas.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2015 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Os valores máis altos de temperatura acadáronse nas xornadas do 16 e 19 de decembro, principalmente na provincia de Pontevedra, por encima dos 100m destaca a xornada do 5 entre outros.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/12/2015	Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	23.8
19/12/2015	Remuíño	Arnoia	Ourense	23.6
16/12/2015	Porto de Vigo	Vigo	Pontevedra	23.1
16/12/2015	As Eiras	O Rosal	Pontevedra	22.9
16/12/2015	Entenza	Salceda de Caselas	Pontevedra	22.9
16/12/2015	Vigo	Vigo	Pontevedra	22.5
16/12/2015	Meder	Salvaterra de Miño	Pontevedra	22.5
16/12/2015	Areas	Tui	Pontevedra	22.5
16/12/2015	Barrantes	Ribadumia	Pontevedra	22.4
16/12/2015	Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	22.3

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2015 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/12/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	16.0
05/12/2015	Xurés	Muiños	Ourense	15.6
01/12/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	15.2
05/12/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	14.6
19/12/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	14.2
05/12/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	13.8
17/12/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	12.8
17/12/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	12.3
16/12/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	11.6
19/12/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	11.2

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2015 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2015 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada do 21 presentou as temperaturas máis baixas por riba dos 1000 m.. Por debaixo desta altitude as xornadas destaca o primeiro día do mes, no que se acadaron en moitas localidades de Galicia, valores de temperatura por debaixo dos 0°C.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2015				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/12/2015	Xares	A Veiga	Ourense	-3.1
31/12/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-2.6
22/12/2015	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-2.3
21/12/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-1.9
22/12/2015	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-1.7
12/12/2015	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	-0.8
22/12/2015	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	-0.6
09/12/2015	Corzos	A Veiga	Ourense	-0.5
09/12/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-0.3
31/12/2015	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-0.3

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2015 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2015				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/12/2015	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-6.6
11/12/2015	Baltar	Baltar	Ourense	-6.0
01/12/2015	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-5.6
01/12/2015	Morelle	Sarria	Lugo	-5.4
01/12/2015	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-4.5
01/12/2015	Bóveda	Bóveda	Lugo	-4.5
01/12/2015	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-3.5
01/12/2015	Lanzós	Vilalba	Lugo	-3.5
01/12/2015	Coto Muiño	Zas	A Coruña	-3.4
01/12/2015	Ordes	Ordes	A Coruña	-2.8

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2015 altitude inferior a 1000m.

4.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2015.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 11.6 °C.




Figura 7: Temperatura media ó longo do período 1961-2015 para decembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 2.7 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido, na figura 6, pódese ver que este mes de decembro resultou o máis cálido da serie, seguido moi de preto polo valor acadado no ano 1989.

Debido a excepcionalidade deste mes en canto a temperaturas, preséntanse nas figuras 7 e 8 as anomalías de temperatura máxima e mínima, con respecto ó período 1971-2000, respectivamente. Cómpre destacar que a temperatura máxima acadou o valor máximo histórico da serie (+2.64°C), mentres que para a temperatura mínima, tivemos o segundo mes de decembro máis cálido dende 1989 (+2.82°C).




Figura 8: Evolución da anomalía da temperatura media en decembro no período 1961-2015.




Figura 9: Evolución da anomalía da temperatura máxima en decembro no período 1961-2015.




Figura 10: Evolución da anomalía da temperatura mínima en decembro no período 1961-2015.

5 PRECIPITACIÓN

As precipitacións durante este mes foron en xeral escasas en Galicia, aínda que a persistencia dos ventos de sur-suroeste fan que as cantidades acumuladas en puntos da provincia de Pontevedra e sur da Coruña se acheguen á normalidade. Sen embargo, a metade leste e o norte da Coruña, onde eses episodios apenas deixaron chuvia, quedaron en xeral nun ambiente moi seco.

A chuvia media no mes de decembro obtida a partir dos valores do mapa foi de 103 L/m². Houbo un gran contraste entre o leste e o oeste da Comunidade. Así, os valores máis altos acadáronse en Santa Comba, onde se chegaron aos 417 L/m² en cambio no leste da Comunidade, acadáronse valores preto de tan só dos 5 L/m² e nalgúns casos inferiores.

5.1. Precipitación acumulada mensual Decembro 2015




Figura 11: Mapa de precipitación acumulada no mes de decembro de 2015.

5.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 12 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de decembro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse na comarca do Xallas, principalmente no concello de Santa Comba, aínda que o mes resultou normal nesta rexión. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi dun 54 % inferior ao valor agardado, é dicir, foi un mes seco pero gran parte da Comunidade, principalmente a provincia de Lugo resultou moi seca. Gran parte do litoral da Mariña luguesa e a Comarca de Valdeorras, rexistraron valores por debaixo do 90% menos do valor climático agardado..




Figura 12: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1971-2000 do mes de decembro de 2015.



5.3. Días de chuvia en decembro de 2015

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 11.7. Obsérvase un gran contraste entre a provincia de Pontevedra e os suroeste da provincia de Coruña, e o leste da provincia de Lugo. Así na Terra de Xallas houbo ata un valor máximo de máis de 18 días, e na Mariña Oriental u mínimo de 2 días.




Figura 13: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de decembro de 2015.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de decembro, as provincias de Pontevedra e Coruña obtiveron os valores máis altos de precipitación. En canto á táboa 8 indica a precipitación máxima recollida en 24 h tendo en conta o instante de inicio. No período que comezou na tardiña das xornadas do día 13 e do 27, rexistráronse os valores máis altos de precipitación acumulada. Superándose en Santa Comba os 100 L/m² entre o 13 e o 14.

Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2015			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	417
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	322
Muralla	Lousame	A Coruña	291
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	277
Lesende	Lousame	A Coruña	269
Coto Muiño	Zas	A Coruña	262
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	261
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	245
Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	239
A Armenteira	Meis	Pontevedra	234

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2015.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	102	13/12/2015 17:10
Muralla	Lousame	A Coruña	57	17/12/2015 12:20
Lira	Carnota	A Coruña	55	13/12/2015 17:10
Fornelos	Fornelos de Montes	Pontevedra	53	14/12/2015 0:50
PCaldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	50	07/12/2015 7:10
Manzaneda	Manzaneda	Ourense	49	27/12/2015 17:30
CMuiño	Zas	A Coruña	48	27/12/2015 19:20
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	47	13/12/2015 18:00
Xurés	Muiños	Ourense	46	27/12/2015 19:20
Lesende	Lousame	A Coruña	46	13/12/2015 17:00

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de decembro de 2015.

5.4. Evolución da precipitación en decembro de 2015

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2015, para esta serie, foi 98 L/m². Resultou un ano seco moi por debaixo da media no período de referencia 1971-2000.




Figura 14: Precipitación ó longo do período 1961-2015 para decembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 53% por debaixo do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse como seco. O ano máis próximo cun valor inferior ao acadado este decembro foi o 2014.




Figura 15: Evolución da anomalía de precipitación en decembro, respecto ó período 1971-2000.



6 VENTO

Na táboa 9 móstranse aquelas estacións meteorolóxicas nas que se rexistraron máis de 100 km/h neste mes de decembro. As xornadas do 28 e o 30 foron as máis ventosas do mes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
30/12/2015	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	166.5
30/12/2015	A Gándara	Vimianzo	A Coruña	152.4
30/12/2015	Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	140.4
28/12/2015	Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	140.2
28/12/2015	Ancares	Cervantes	Lugo	133.7
30/12/2015	Muralla	Lousame	A Coruña	130.0
30/12/2015	Burela	Burela	Lugo	126.1
28/12/2015	Castro Vicaludo	Oia	Pontevedra	123.1
30/12/2015	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	121.4
30/12/2015	Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	121.2
28/12/2015	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	119.6
19/12/2015	Río do Sol	Coristanco	A Coruña	118.7
30/12/2015	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	118.3
28/12/2015	Lira	Carnota	A Coruña	117.4
30/12/2015	Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	113.6
27/12/2015	Xares	A Veiga	Ourense	109.8
30/12/2015	Malpica	Malpica	A Coruña	109.1
28/12/2015	Alto do Rodicio	Maceda	Ourense	105.9
19/12/2015	Vigo-Campus	Vigo	Pontevedra	105.6
30/12/2015	Marco da Curra	Monfero	A Coruña	105.6
30/12/2015	Ons	Bueu	Pontevedra	105.4
15/12/2015	Fragavella	Abadín	Lugo	103.9
30/12/2015	Camariñas	Camariñas	A Coruña	102.5
07/12/2015	Mabegondo	Abegondo	A Coruña	102.3
30/12/2015	Serra da Faladoira	Ortigueira	A Coruña	101.1
09/12/2015	Ordes	Ordes	A Coruña	101.1

Táboa 9: Refachos máximos superiores ós 100 km/h en decembro de 2015.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	117.4	S	7		
		Día 28				
Pta. Candieira	Cedeira	140.4	S	1		
		Día 1				
Malpica	Malpica	109.1	SO	2		
		Día 30				
Marco da Curra	Monfero	105.6	S	3		
		Día 30				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Decembro de 2015 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	126.1	S	7		
		Día 30				
Ancares	Cervantes	133.7	S	2		
		Día 28				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Decembro de 2015 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	91.1	S	11		
		Día 28				
Rodicio	Maceda	105.9	S	4		
		Día 28				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	82.7	S	17		
		Día 28				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Decembro de 2015 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	96.6	S	4		
		Día 28				
Ons	Bueu	105.4	S	6		
		Día 30				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Decembro de 2015 na provincia de Pontevedra.

Como se pode observar, nas táboas anteriores, na rosa dos ventos, en moitos sitios a porcentaxe de días con dirección de vento predominante S, superou o 50%.

7 RADIACIÓN SOLAR

7.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 16: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de decembro de 2015.



7.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 17: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

8 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 55 raios en Galicia só na xornada do 28, na súa meirande parte na provincia de A Coruña.




Figura 18: Número de raios rexistrados en Galicia en decembro de 2015.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias.




Figura 19: Número de raios rexistrados por provincias en decembro 2015.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 12

Provincia Estación	T ^a °C	T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Xeada
A Coruña																							
A Coruña-Torre de Hérculo	14.3	17.3	21.1	16	11.7	6.1	1	44	14.0	30	-	69	83	55	-	-	-	-	-	--	-	15	0
A Gándara	11.0	13.3	17.8	16	9.1	5.1	9	166	28.8	28	121	84	94	69	33	92	427	39	152	30	975	21	0
Aldea Nova	12.4	14.9	19.1	16	9.9	5.5	1	88	22.0	30	35	74	89	59	33	91	433	15	83	30	991	18	0
Arzúa	10.2	14.6	19.0	16	6.5	-1.9	11	145	23.4	28	109	82	95	63	31	85	441	9	82	28	982	24	3
Camariñas	14.3	16.3	20.7	16	12.0	4.4	1	221	35.4	28	152	76	86	63	42	114	525	30	102	30	1022	22	0
Cariño	14.6	17.3	21.8	19	11.5	6.3	12	55	17.2	30	-1	73	90	58	37	101	476	13	88	30	1023	17	0
Cespón	12.7	16.5	20.7	16	9.3	2.7	1	190	30.4	22	159	86	98	65	24	67	350	10	81	30	1020	25	0
CIS Ferrol	13.2	16.7	20.4	19	10.0	2.7	12	79	17.0	30	35	79	95	61	33	89	441	14	81	19	1020	15	0
Corrubedo	14.1	16.4	19.9	16	12.2	7.2	11	110	14.4	14	62	80	92	65	31	87	432	21	88	28	1021	14	0
Coruña-Dique	14.0	16.7	21.3	16	11.3	4.7	1	42	14.0	30	--	81	95	64	-	-	-	24	99	30	1023	14	0
Coruña-San Diego	16.4	19.4	23.5	16	13.6	6.9	1	55	20.8	30	--	68	82	53	37	101	437	9	62	30	1024	13	0
*Costa	12.0	15.7	20.5	16	8.5	1.1	12	223	25.2	7	--	88	99	70	-	-	-	5	58	30	1005	19	0
*Coto Muiño	10.5	14.6	18.9	16	6.9	-3.4	1	262	48.3	28	-	90	99	73	-	-	-	6	61	30	-	23	5
Fontecada	10.7	13.8	18.3	16	7.9	1.8	1	417	74.2	14	382	85	94	67	26	71	356	18	99	30	981	20	0
*Guísamo	12.6	16.0	19.5	19	9.8	4.6	1	48	13.7	28	--	72	85	56	-	-	-	4	42	30	1004	13	0
*Lesende	12.5	15.3	19.4	16	9.9	3.5	1	269	44.7	30	229	77	89	60	30	83	392	8	71	30	1004	19	0
Lira	13.2	14.9	18.3	16	11.6	8.6	1	190	43.7	14	142	82	94	68	29	80	375	36	117	28	-	18	0
Mabegondo	12.6	16.5	19.8	19	8.9	-0.4	1	82	24.8	28	--	80	93	65	--	--	469	12	102	7	1013	14	1
Malpica	12.7	15.6	20.9	16	10.3	6.4	1	108	26.3	28	57	81	93	66	43	119	524	23	109	30	1004	15	0
Marco da Curra	9.2	12.0	16.4	19	6.8	3.1	12	52	16.8	30	12	84	96	69	31	84	437	28	106	30	949	20	0
Melide	9.9	14.8	19.6	19	6.1	0.1	1	85	20.8	28	50	83	96	63	33	90	436	10	62	19	970	19	0
Muralla	9.5	11.4	15.8	16	7.8	5.3	30	291	40.5	17	266	90	98	78	22	60	294	34	130	30	947	23	0
*O Val	12.8	16.7	20.4	19	8.6	0.3	12	83	19.3	30	-	80	95	64	-	-	-	6	48	30	1016	18	0
Olas	10.5	13.8	17.3	19	7.8	2.4	11	108	21.1	28	70	85	98	67	27	75	396	22	92	5	-	18	0
*Ordes	10.4	14.9	19.1	16	6.2	-2.8	1	140	24.8	28	-	86	97	67	-	-	-	8	101	9	992	17	4
*Paramos	10.4	13.7	18.7	16	7.3	1.0	1	322	41.8	30	-	90	99	74	-	-	-	9	62	28	981	28	0
*Pazo de Galegos	11.8	15.9	21.2	16	8.3	-1.2	1	103	20.5	28	62	85	97	67	33	91	462	5	51	30	998	16	2
Punta Candieira	13.3	15.3	20.0	16	11.3	8.5	31	39	11.2	30	-39	72	88	58	39	105	494	42	140	30	992	16	0
Punta Langosteira	14.6	16.9	21.7	16	12.3	7.6	11	22	5.6	28	-	74	88	60	42	116	480	29	114	30	1021	12	0
Río do Sol	9.8	12.4	17.1	16	7.7	4.2	9	213	37.7	28	181	88	97	73	25	69	349	31	119	19	960	21	0
*Rus	12.3	16.2	20.7	16	8.5	-0.5	1	113	22.9	28	-	83	95	65	-	-	-	8	64	5	1008	19	2
Sálvora	14.5	16.1	19.0	17	12.9	7.8	1	177	26.7	28	97	81	92	68	36	100	476	32	99	28	-	20	0
Santiago-EOAS	11.7	15.1	19.9	16	8.8	1.4	11	168	22.3	28	131	83	95	65	29	81	409	12	79	30	995	17	0
Santiago-San Lázaro	11.4	14.5	19.6	16	8.5	0.2	1	154	24.7	28	--	82	94	66	29	80	397	10	81	30	988	17	0
Sergude	11.2	15.5	20.8	16	7.7	0.6	1	128	22.1	28	-	87	99	66	22	60	345	-	-	--	-	19	0
Serra da Faladoira	10.2	12.6	17.1	19	8.0	4.8	31	76	26.2	30	29	81	95	66	39	107	512	26	101	30	957	16	0

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 12

Provincia Estación	T ^a °C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	11.4	14.9	19.3	19	8.1	0.5	12	32	12.2	28	-	71	87	56	41	113	512	-	-	--	-	-	--	-	13	0		
Abradelo	10.0	13.3	16.8	5	7.1	1.5	11	74	25.0	28	-	67	84	52	42	117	551	-	-	--	-	-	--	-	12	0		
Alto de Cerredo	8.4	11.3	15.6	19	5.8	1.0	9	65	18.7	28	--	75	91	61	-	-	-	17	84	19	914	16	0	914	16	0		
*Alto do Faro	8.6	11.5	16.1	16	5.8	0.1	11	84	25.9	28	-	80	94	64	-	-	-	6	50	30	928	16	0	928	16	0		
*Alto do Poio	5.7	8.2	11.6	16	3.6	-0.3	31	128	26.5	28	-	80	94	65	-	-	-	8	58	9	-	-	-	-	16	1		
Ancares	6.6	9.1	12.8	17	4.2	-0.3	31	33	12.0	28	-21	74	92	55	41	114	528	33	134	28	871	11	1	871	11	1		
*Borreiros	12.9	17.4	22.0	19	8.5	1.6	1	37	13.4	30	-13	72	90	52	40	108	486	6	74	30	1016	9	0	1016	9	0		
Bóveda	9.6	14.3	18.9	19	5.4	-4.5	1	58	16.8	28	16	79	93	60	32	89	461	9	68	5	976	26	3	976	26	3		
Burela	12.1	15.5	20.4	19	9.4	5.3	11	31	14.1	30	-38	69	88	51	41	113	552	26	126	30	974	7	0	974	7	0		
Campus Lugo	9.5	14.1	18.9	19	5.1	-1.0	1	55	20.4	28	18	81	95	63	29	79	439	8	64	28	978	23	2	978	23	2		
Castro R. de Lea	9.2	13.8	18.6	19	5.0	-2.6	1	29	11.4	30	-	86	99	70	30	82	448	-	-	--	976	15	6	976	15	6		
Conchada	9.2	12.9	17.0	19	6.2	0.9	1	47	13.9	30	-	78	92	63	37	104	510	-	-	--	-	14	0	-	14	0		
Corno do Boi	8.8	12.0	15.8	19	6.4	1.1	11	142	26.0	28	108	86	98	70	32	88	422	19	98	28	-	24	0	-	24	0		
Courel	9.6	13.1	17.1	5	6.7	2.8	11	69	15.8	28	24	67	83	51	33	92	481	13	97	30	936	16	0	936	16	0		
*Fontaneira	8.5	12.1	16.4	19	5.6	2.0	9	68	18.7	28	27	78	92	63	32	88	481	7	52	23	918	18	0	918	18	0		
Foz	13.4	17.3	22.2	19	9.7	2.3	1	23	8.4	30	-	68	84	53	41	111	496	-	-	--	1016	13	0	1016	13	0		
Fragavella	10.1	12.8	17.0	19	7.3	0.0	1	98	16.4	15	24	79	94	63	39	108	496	27	104	30	954	24	0	954	24	0		
Guitiriz	9.2	11.9	16.4	19	6.7	1.0	11	68	15.5	30	5	82	96	67	32	87	425	--	73	19	945	19	0	945	19	0		
*Labrada	9.2	11.8	16.1	19	6.8	3.1	12	73	18.4	30	29	79	93	65	30	82	417	18	75	30	-	19	0	-	19	0		
*Lanzós	8.2	13.3	18.3	19	3.5	-3.5	1	53	15.5	30	--	85	98	67	-	-	-	4	60	23	969	16	7	969	16	7		
*Lourenzá	12.7	17.7	21.9	19	7.7	-1.3	1	30	11.0	28	-	71	90	53	-	-	-	9	78	30	-	12	3	-	12	3		
Marroxo	10.2	13.5	17.9	16	7.2	-0.1	1	47	11.6	28	-2	74	88	59	33	92	473	12	78	28	952	15	1	952	15	1		
*Míllara	10.1	14.9	20.1	3	6.6	-0.1	1	65	16.7	28	-	84	98	62	-	-	-	7	81	30	-	14	1	-	14	1		
*Morelle	9.3	14.9	19.4	19	3.8	-5.4	1	47	18.2	28	9	80	96	61	30	82	442	5	60	28	977	21	5	977	21	5		
O Cebreiro	4.1	7.3	12.3	17	1.9	-2.3	22	133	27.3	28	111	91	99	78	30	82	427	18	83	5	877	19	4	877	19	4		
O Xipro	9.6	13.1	16.9	19	6.6	1.0	9	44	12.7	28	-13	72	90	56	45	123	555	16	77	30	934	9	0	934	9	0		
*Olveda	8.4	12.9	18.1	5	5.1	-1.4	1	55	17.5	28	29	88	99	72	27	75	445	3	45	30	-	17	1	-	17	1		
Pedro Murias	14.5	18.2	23.8	19	10.6	4.6	1	27	12.2	30	-38	66	80	52	37	102	447	14	81	29	1019	9	0	1019	9	0		
Penedo do Galo	11.1	13.4	17.8	19	9.0	5.3	31	47	14.9	30	-	72	88	57	36	99	469	-	-	--	-	18	0	-	18	0		
Pol	10.2	13.3	17.2	19	7.2	-1.1	12	40	13.8	30	-	71	89	55	42	117	548	-	-	--	949	12	1	949	12	1		
Portomarín	9.7	14.1	18.2	17	5.6	-0.7	1	43	12.8	28	-	80	94	62	20	56	369	-	-	--	974	22	1	974	22	1		
Sambreixo	9.3	13.5	18.3	19	5.3	-4.5	1	55	12.4	30	-	81	95	65	30	82	434	-	-	--	-	23	5	-	23	5		
*San Clodio	10.3	14.9	19.8	19	6.2	-1.5	1	52	16.0	28	-	79	92	60	-	-	-	5	50	28	996	18	1	996	18	1		
*San Fiz	9.9	14.4	19.1	3	6.2	-0.9	1	62	19.0	28	25	85	97	66	31	85	459	7	66	28	980	14	1	980	14	1		
Ventosa	9.5	13.1	17.4	18	5.8	0.3	9	41	19.9	28	-22	67	86	50	46	126	554	17	96	30	920	10	0	920	10	0		
*Vilamor	12.6	17.3	21.7	19	8.2	-1.5	1	35	10.0	28	-16	68	85	51	42	115	504	5	55	19	-	12	2	-	12	2		
*Xabrega	10.7	14.9	20.0	16	7.0	-1.6	1	59	14.8	28	8	75	88	57	31	85	481	9	77	15	988	13	1	988	13	1		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 12

Provincia Estación	Tª °C				Tª Máxima °C				Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada			
Ourense																													
A Mezquita	6.6	10.1	14.6	5	3.5	-0.8	12	120	26.2	28	87	84	96	69	38	107	509	10	50	28	911	20	2						
*A Portela	8.3	13.5	20.4	19	4.3	-2.0	1	52	17.4	28	20	85	97	63	33	91	495	4	63	19	-	17	1						
*A Trabe	7.2	10.0	14.2	16	4.8	-0.2	1	70	18.4	28	39	88	94	77	28	77	421	4	45	5	937	12	1						
Alto do Rodicio	7.9	10.6	14.4	5	5.7	1.9	9	83	20.7	28	42	82	94	66	38	105	489	18	106	28	913	17	0						
Amiudal	9.5	13.4	19.2	16	6.7	2.5	1	111	26.3	28	72	83	95	65	34	95	492	12	93	28	961	18	0						
As Petarelas	8.1	13.3	20.5	19	4.2	-1.3	12	54	17.4	28	-	80	93	60	39	109	541	-	-	--	-	15	3						
Baltar	7.0	12.6	18.2	5	2.0	-6.0	11	85	33.8	28	50	87	99	63	46	127	585	11	83	28	934	20	12						
Cabeza de Manzaneda	3.3	5.7	9.7	16	1.3	-2.6	31	122	48.6	28	72	83	98	64	-	-	-	31	118	5	831	16	7						
*Calvos	7.5	12.5	17.4	16	2.6	-6.6	11	97	35.1	28	58	83	97	62	43	119	563	10	68	28	-	17	10						
Casaio	7.7	10.4	14.2	19	4.7	-0.3	9	40	18.8	28	--	63	84	45	-	-	-	8	121	30	-	13	1						
*Corzos	6.5	11.2	15.2	1	3.1	-0.5	9	57	26.2	28	--	77	94	57	-	-	-	10	60	28	-	14	4						
Entrimo	9.3	13.4	18.9	16	6.5	1.6	11	190	36.6	14	-	84	97	65	36	101	485	-	-	--	-	17	0						
*EVEGA Leiro	9.4	16.1	21.8	19	4.8	0.0	1	95	22.8	14	-	89	97	65	-	-	-	2	46	19	1014	23	0						
Gandarela	9.9	13.9	19.7	3	7.0	2.1	11	46	16.7	28	3	81	94	66	42	118	577	12	83	28	954	13	0						
Lardeira	4.9	7.5	11.2	19	2.4	-1.9	21	29	11.9	28	-18	74	93	52	44	123	571	32	167	30	845	10	7						
*Larouco	8.9	13.8	18.4	19	4.9	-2.0	1	35	18.2	28	-	74	88	55	-	-	-	4	53	28	966	10	3						
Laza	7.9	12.1	16.9	19	4.4	-2.3	1	78	27.4	28	51	88	97	70	30	83	429	7	60	27	-	19	2						
Monte Medo	9.3	12.9	17.2	16	6.3	-1.3	9	60	17.6	28	-	77	92	60	40	112	526	-	-	--	-	17	1						
O Invernadeiro	5.5	9.2	13.8	5	2.5	-1.7	22	148	34.3	28	127	92	99	77	27	76	409	8	60	28	910	19	5						
Ourense	10.8	16.0	21.4	3	6.7	0.8	1	45	10.4	30	-	79	93	56	-	-	-	-	-	--	-	17	0						
Ourense-Estacións	11.3	16.2	21.7	3	7.3	1.6	1	52	11.8	28	24	79	93	57	24	66	404	3	49	28	1012	13	0						
*Pazo de Fontefiz	10.6	14.3	18.6	16	7.4	-1.6	1	72	14.7	28	32	75	87	60	28	76	419	6	84	23	979	15	1						
*Ponte Boga	10.6	15.1	20.5	3	6.9	-2.2	1	54	17.8	28	0	67	83	51	38	107	537	6	66	28	971	13	1						
*Prado	10.0	15.3	21.0	19	6.2	1.0	1	74	14.8	28	--	87	95	66	-	-	-	3	46	19	1011	14	0						
Remuíño	9.4	15.8	23.6	19	5.2	-0.2	1	98	16.8	14	56	92	99	68	24	68	435	3	55	19	-	22	1						
*Riós	6.9	10.7	15.3	5	3.9	-1.6	11	68	24.2	28	42	91	99	76	33	93	472	4	39	28	-	16	3						
San Xoán de Río	6.6	10.8	16.0	17	4.0	-0.6	22	55	17.6	28	17	85	97	67	39	109	516	15	76	28	909	17	1						
Serra do Eixe	6.8	9.6	13.3	5	4.4	1.2	9	65	25.0	28	19	77	93	61	37	102	495	25	120	30	887	14	0						
Verín-Vilamaior	8.4	12.7	17.8	15	4.8	-1.9	1	60	22.8	28	9	86	96	70	33	91	433	6	60	28	964	20	1						
Verín-Vilela	7.3	13.5	18.7	4	2.5	-5.6	1	55	24.0	28	32	90	99	69	29	81	420	4	39	28	-	16	6						
Viana do Bolo	8.1	12.5	17.1	16	4.3	-2.1	9	56	24.3	28	18	81	94	63	40	113	518	12	74	28	929	13	3						
Xares	3.4	6.3	10.2	1	1.2	-3.1	21	64	16.2	28	28	82	97	64	-	-	-	30	110	27	831	18	10						
*Xinzo	8.5	12.4	17.7	3	4.7	-3.5	1	49	18.7	28	13	86	96	70	43	121	569	10	57	28	-	13	3						
Xurés	8.0	11.0	15.6	5	5.6	2.4	13	130	46.3	28	84	81	95	64	48	135	620	21	91	28	905	17	0						

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2015 Mes: 12

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día		Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día		Med.	Choiva	Xeada
Pontevedra																											
*A Armenteira	12.0	15.1	19.8	16	9.1	3.4	1	234	37.0	28	193	83	95	67	26	71	394	13	62	30	-	-	-	23	0		
A Granxa	10.5	16.3	22.2	16	5.9	-0.1	1	161	30.6	14	136	90	99	66	24	68	404	3	71	19	1022	-	-	30	1		
A Lanzada	13.4	16.5	21.4	16	10.5	4.4	1	134	29.6	28	85	82	94	64	34	94	424	22	99	5	-	-	-	19	0		
*Areas	12.0	16.6	22.5	16	8.3	2.3	1	145	23.6	14	-	85	97	64	-	-	-	2	40	28	-	-	-	26	0		
*Areiro	13.1	16.6	21.3	16	9.8	2.8	1	186	30.3	19	--	81	95	63	-	-	-	5	52	28	1016	-	-	18	0		
*As Eiras	12.6	16.6	22.9	16	9.0	2.1	1	117	20.0	14	80	81	95	62	28	79	442	5	61	27	1020	-	-	26	0		
*Barrantes	12.5	17.0	22.4	16	8.1	0.6	1	185	37.9	28	147	82	96	61	32	89	437	6	64	30	-	-	-	16	0		
Caldas de Reis	11.9	15.2	19.7	16	9.5	3.3	11	228	38.2	28	--	83	97	63	31	86	429	-	-	--	993	-	-	18	0		
*Camanzo	11.7	15.8	21.3	16	8.0	-1.6	1	96	21.3	28	48	82	95	65	33	93	484	9	74	30	1001	-	-	18	2		
Castro Vicaludo	11.4	13.7	18.6	16	9.5	6.4	11	118	17.2	28	72	83	96	67	34	95	443	28	123	28	969	-	-	18	0		
Castrove	11.1	14.0	18.6	16	8.9	5.9	11	218	35.2	19	188	86	97	70	23	64	348	13	80	28	974	-	-	18	0		
*Cequeliños	11.3	15.8	22.2	19	7.7	1.0	1	68	11.8	28	25	83	97	60	36	100	520	10	73	30	-	-	-	21	0		
Corón	13.9	16.7	22.3	16	11.4	4.4	1	134	25.4	28	91	82	96	63	35	98	457	14	95	30	1023	-	-	19	0		
*Entenza	11.7	16.7	22.9	16	7.8	1.3	1	125	25.8	28	91	86	98	63	33	91	484	4	62	30	-	-	-	28	0		
Fornelos de Montes	9.9	12.3	17.6	16	8.1	4.8	31	277	48.0	14	236	82	95	67	28	79	374	25	97	28	943	-	-	21	0		
Illas Cíes	14.6	16.7	21.3	16	12.6	9.2	12	152	36.2	19	95	79	92	65	41	113	521	20	91	30	-	-	-	16	0		
*Louredo	11.2	14.0	19.6	16	8.4	0.9	1	142	30.1	28	-	86	97	73	-	-	-	3	41	28	997	-	-	18	0		
Lourizán	12.9	17.7	21.8	16	9.6	2.4	1	212	31.6	19	179	86	98	67	34	95	485	5	62	30	1019	-	-	23	0		
*Meder	12.1	16.4	22.5	16	8.2	-0.2	1	103	17.2	28	--	75	88	56	-	-	-	4	45	28	1008	-	-	24	1		
Monte Aloia	10.5	13.5	18.4	16	8.3	4.4	11	195	41.3	14	164	88	98	72	29	80	427	13	91	28	969	-	-	19	0		
Mouriscade	9.6	14.0	19.0	16	5.5	-2.7	1	96	29.8	28	59	84	92	73	39	108	511	11	71	30	967	-	-	24	4		
O Viso	11.7	16.3	20.5	16	8.8	3.8	11	122	19.4	28	77	83	95	63	38	105	495	17	86	19	994	-	-	18	0		
Ons	13.6	15.6	20.2	16	11.7	6.9	11	133	31.2	28	79	82	95	68	39	108	511	28	105	30	1011	-	-	18	0		
*Pé Redondo	13.4	16.8	21.7	16	10.6	3.7	11	204	27.8	28	163	81	94	65	30	83	435	7	73	30	-	-	-	23	0		
Pereira	8.9	12.4	17.3	16	6.1	1.4	12	231	44.0	28	-	87	98	69	36	100	487	-	-	--	942	-	-	24	0		
*Ponte Caldelas	11.2	14.8	19.5	16	8.0	2.7	1	213	28.9	7	175	79	92	62	34	94	453	6	57	30	983	-	-	18	0		
Pontevedra-Campolongo	12.8	18.1	22.2	16	8.9	2.0	1	239	36.4	28	--	80	94	56	-	-	-	3	64	30	-	-	-	17	0		
Queimadelos	11.4	13.9	19.3	16	9.1	4.8	11	194	32.8	14	--	84	96	69	9	25	286	3	45	28	983	-	-	20	0		
Rebordelo	10.7	15.2	20.2	16	6.3	-0.8	1	245	39.1	28	-	84	98	62	34	95	465	-	-	--	983	-	-	21	3		
Sanxenxo	14.1	17.2	22.0	16	11.6	5.9	1	157	31.0	28	110	76	90	59	38	106	479	9	72	19	1022	-	-	19	0		
Serra do Faro	7.1	9.6	14.3	16	5.2	2.1	30	159	35.3	28	126	86	95	73	30	83	405	30	97	30	911	-	-	20	0		
*Simes	13.4	16.8	22.0	16	10.3	3.3	11	158	28.3	28	122	78	92	60	30	84	423	4	52	30	-	-	-	19	0		
*Soutomaior	12.4	16.3	21.0	16	9.5	4.0	1	144	27.1	28	--	76	88	59	-	-	-	3	53	14	1005	-	-	18	0		
*Torrequeixán	13.2	17.1	21.7	16	9.7	1.6	1	151	22.2	28	97	73	85	55	35	98	478	8	71	30	1017	-	-	24	0		
*Tremoedo	13.1	16.8	22.1	16	9.7	3.1	11	141	23.0	28	--	75	88	57	-	-	-	5	60	30	1017	-	-	18	0		
Vigo	13.8	17.5	22.5	16	10.9	6.2	1	109	22.4	30	-	84	98	61	-	-	-	-	-	--	-	-	-	16	0		
Vigo-Campus	11.6	13.9	18.7	16	9.7	6.2	11	154	27.9	30	99	75	90	59	-	-	-	20	140	28	971	-	-	18	0		
Xesteiras	9.3	11.4	16.1	16	7.6	4.8	31	261	34.8	28	-	85	95	70	-	-	-	39	121	30	-	-	-	20	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.